



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Xeografía Política		Código	710G05004
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación	Armas Dieguez, Pedro Ramon	Correo electrónico	pedro.armas@udc.es	
Profesorado	Armas Dieguez, Pedro Ramon	Correo electrónico	pedro.armas@udc.es	
Web	http://https://humanidades.udc.es			
Descrición xeral	O obxectivo principal desta materia é a aplicabilidade dos conceptos teóricos na análise dos problemas xeopolíticos. Este materia busca tamén a familiarización cos temas máis actuais en xeografía política e, finalmente, unha comprensión básica das ferramentas e os recursos utilizados na súa investigación.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Potenciar a capacidade analítica para a comprensión das conexións entre territorio, política e economía nun mundo globalizado. Incentivar a capacidade crítica para a diagnose de problemas xeopolíticos e a proposta de solucións alternativas. Fomentar a implicación nos problemas xeopolíticos doutras latitudes, o compromiso democrático e a cooperación solidaria.	A1	B1	C1
	A2	B3	C2
	A3	B4	C3
	A5	B5	C4
	A7	B6	C7
	A8	B7	C8
	A10	B8	C9
	A11	B9	
		B10	
		B11	
		B12	
		B13	
		B14	

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Evolución do pensamento xeopolítico	1.1. Fundamentos da Xeografía Política 1.2. Do espazo vital á revolución global
2. Estado-Nación e outros actores internacionais	2.1. Nación, nacionalismo e xeopolítica
3. Transformacións contemporáneas no mapa político mundial	3.1. O mapa político do século XIX 3.2. O mapa político do século XX
4. Poder e economía no sistema xeopolítico mundial	4.1. Xeopolítica das grandes potencias: EEUU/Rusia
5. Estratexias de dependencia e dominación no proceso de globalización	5.1. Xeopolítica de China 5.2. Xeopolítica de América Latina
6. Xeografía da violencia	6.1. Conflitos en África 6.2. Conflitos en Oriente Medio



7. A fronteira como territorio de conflito	7.1. Conflitos herdados 7.2. Conflitos actuais
--	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A2 A1 A3 A5 A7 A8 A10 A11 B6 B7 B9 B8 B10 C4 C8	20	17.5	37.5
Estudo de casos	A5 A7 A10 A11 B3 B4 B5 B7 B11 B12 B13 B14 C1 C2 C3 C4 C7 C9	15	40	55
Traballos tutelados	A5 A7 A10 A11 B3 B4 B5 B7 B11 B12 B13 B14 B1 C1 C2 C3 C4 C7 C9	15	35	50
Proba mixta	A2 A1 A3 A5 A7 A8 A11 B3 B4 B5 B6 B1 C1 C2	2.5	0	2.5
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Estudo de casos	O estudo de casos sobre xeografía política ten como obxectivos: incentivar os razoamentos inductivos e deductivos, establecer hipóteses, refutar paradigmas, confirmar teorías espaciais, propoñer solucións... Realizaranse estudos de casos relacionados co contido da materia e a presentación oral de aqueles que sinala o profesor.
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados. Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor. Realizaranse traballos tutelados relacionados co contido da materia e a presentación oral de aqueles que sinala o profesor.
Proba mixta	O exame escrito presencial incluírá preguntas teóricas obxectivas/subxectivas (preguntas de resposta verdadeiro-falso e/ou preguntas de resposta si-non, e/ou preguntas de resposta curta, e/ou preguntas de resposta longa, e/ou preguntas sobre o análise de casos) relacionadas coa materia. Proba con preguntas tipo ensaio e preguntas tipo obxectivas, para avaliar a capacidade de síntese (por exemplo, definición de conceptos) e a capacidade de análise (por exemplo, comentario de material textual ou gráfico).

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Estudo de casos Traballos tutelados Sesión maxistral	A atención personalizada está indicada como consecuencia das dificultades que poidan xurdir na comprensión dos contidos teóricos e na consecución dos obxectivos dos traballos tutelados. Tamén para resolver as dificultades das lecturas e para ampliar a bibliografía básica, co obxectivo de mellorar as destrezas específicas.
--	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A5 A7 A10 A11 B3 B4 B5 B7 B11 B12 B13 B14 C1 C2 C3 C4 C7 C9	Forma parte da avaliación continua desenvolvida a través da aprendizaxe colaborativa alcanzada nas aulas e que resulta na realización de tantos estudos de casos ao longo do curso como o profesor estime oportuno. Criterios de valoración dos traballos escritos: axuste do traballo ás instrucións, calidade formal; calidade e creatividade dos contidos; amplitude e pertinencia das fontes de información utilizadas. Criterios de valoración das presentacións orais: axuste da presentación ás instrucións; calidade e creatividade dos contidos da presentación; amplitude e pertinencia das fontes de información. A participación activa e con aproveitamento nas actividades presenciais é obrigatoria para o alumnado con dedicación completa.	20
Proba mixta	A2 A1 A3 A5 A7 A8 A11 B3 B4 B5 B6 B1 C1 C2	Consistirá na realización, na data oficialmente establecida, duha proba mixta presencial sobre os contidos da materia. Valorarase a capacidade de expresión, o manexo e o dominio do vocabulario específico, a capacidade analítica e sintética e, por suposto, o coñecemento dos contidos do programa. Criterios de avaliación: coñecemento dos contidos teóricos, capacidade para aplicar os contidos teóricos a casos prácticos, nivel de consecución das competencias incluídas no programa da materia, capacidade de análise e síntese, extensión e precisión do vocabulario, corrección estilística e gramatical.	40
Traballos tutelados	A5 A7 A10 A11 B3 B4 B5 B7 B11 B12 B13 B14 B1 C1 C2 C3 C4 C7 C9	Forma parte da avaliación continua desenvolvida a través da aprendizaxe colaborativa alcanzada nas aulas e que resulta na realización de tantos traballos tutelados ao longo do curso como o profesor estime oportuno. Criterios de valoración dos traballos escritos: axuste do traballo ás instrucións, calidade formal; calidade e creatividade dos contidos; amplitude e pertinencia das fontes de información utilizadas. Criterios de valoración das presentacións orais: axuste da presentación ás instrucións; calidade e creatividade dos contidos da presentación; amplitude e pertinencia das fontes de información. A participación activa e con aproveitamento nas actividades presenciais é obrigatoria para o alumnado con dedicación completa.	40

Observacións avaliación



A materia segue criterios de avaliación

continua; polo que a participación activa e con aproveitamento nas actividades presenciais é obrigatoria para o alumnado con dedicación completa. Os criterios de avaliación son os mesmos para cada unha das oportunidades de avaliación incluíndo a convocatoria adiantada. A cualificación final da materia obterase sumando a puntuación da parte práctica + a puntuación da proba mixta. Aínda que esta materia, como se indicou, segue criterios de avaliación continua, os estudantes que o desexen poderán renunciar á avaliación continua e terán dereito a optar pola elección dun sistema de avaliación global, sempre dentro da mesma oportunidade de avaliación. Esta avaliación global consistirá na realización dunha proba mixta final sobre os contidos da materia á que se lle outorgará unha puntuación máxima de 10 puntos e na que a puntuación mínima a obter para superar a materia será de 5 puntos.

Considerarase que se comenten prácticas

ilícitas cando un alumno actúa para defraudar ou tratar de defraudar ós sistemas de comprobación e avaliación do rendemento académico, así como o incumprimento das normas establecidas polo profesor para a realización de traballos. Os traballos nos que se detecten prácticas ilícitas serán cualificados con un 0. O uso de calquera axuda ou dispositivo no exame final está totalmente prohibido; no caso de utilizar calquera soporte non permitido quedará automaticamente suspenso, independentemente da nota do exame e outras probas. Calquera falta de honradez académica (plaxio, copiar en exames, etc.) penalizarase de acordo co establecido no artigo 14 das "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario?".

Fontes de información



Bibliografía básica

- Agnew, J (2003). Geopolitics. Re-visioning World Politics (2nd edition). London: Routledge
- Buzan, B. & Wæber, O (2003). Regions and Powers. The Structure of International Security. Cambridge: Cambridge University Press
- Chaliand, G (2004). Atlas del nuevo orden mundial. Madrid: Paidós
- Copinsch, P.; Durand, M. F.; Martin, B. & Placidi, D. (2008). Atlas de la globalización. Comprender el espacio mundial contemporáneo.. Valencia: Universitat de Valencia
- Cox, K. R.; Low, M. & Robinson, J. (2007). The Sage Handbook of Political Geography (1st edition). London: SAGE Publications
- Dodds, K. (2019). Geopolitics. A Very Short Introduction (3rd edition). Oxford: Oxford University Press
- Flint, C. & Taylor, P.J. (2018). Political Geography World-Economy, Nation-State and Locality (7th edition). New York: Routledge
- Flint, C. (2021). Introduction to Geopolitics. London: Routledge
- Gresh, A.; Radvanyi, J.; Rekacewicz, P.; Samary, C. & Vidal, D. (2006). El Atlas de Le Monde diplomatique. Valencia: Cybermonde
- Harvey, D (2001). Spaces of Capital: Towards a Critical Geography. New York: Routledge
- Le Monde Diplomatique (2013). El Atlas. Conflictos de fronteras . Valencia: Cybermonde
- Le Monde Diplomatique (2012). El Atlas. Nuevas potencias emergentes. Valencia: Cybermonde
- López, L. & Benito del Pozo, P. (1999). Geografía política. Madrid: Cátedra
- Martín, E.M. & López-Davalillo, J. (2017). Geopolítica. Claves para entender un mundo cambiante (2ª edición). Madrid: Editorial Universitaria Ramón Areces
- Nogué i Font, J. & Vicente, J (2001). Geopolítica, identidad y globalización. Barcelona: Ariel
- Méndez, R. (2011). El nuevo mapa geopolítico del mundo. Valencia: Tirant lo Blanc
- Reinert, E.S. (2007). La globalización de la pobreza cómo se enriquecieron los países ricos...y por qué los países pobres siguen siendo pobres. Barcelona: Crítica
- Sánchez, J.E. (1999). Geografía política. Madrid: Síntesis
- Short, J.R. (1993). An Introduction to Political Geography (2nd edition). London: Routledge
- Tertrais, B. & Papin, D. (2021). Atlas de las fronteras. Muros, conflictos, migraciones. Madrid: Ediciones Cátedra
- Wallerstein, I. (1991). Geopolitics and Geoculture Essays on the Changing World-System. Cambridge: Cambridge University Press



Bibliografía complementaria	<p>- Agnew, J. & Toal G. (2003). A Companion to Political Geography. Oxford: Blackwell</p> <p>- Agnew, J. & Crobridge, S. (1995). Mastering Space Hegemony, Territory and International Political Economy. (1st edition). London: Routledge</p> <p>- Gray, C.S. & Sloan, G. (1999). Geopolitics, Geography and Strategy (1st edition). London: Routledge</p> <p>- Gregory, D.; Johnston, R.; Pratt, G.; Watts, M.J. & Whatmore, S. (2009). The Dictionary of Human Geography (5th edition). London: Wiley</p> <p>- Ó Tuathail G. (1996). Critical geopolitics: the politics of writing global space (1st edition). London: Routledge</p> <p>- Ó Tuathail, G.; Dalby, S. y Routledge, P. (1998). Rethinking geopolitics. London: Routledge</p> <p>- Ó Tuathail, G.; Dalby, S. y Routledge, P. (2006). The Geopolitics Reader (2nd edition). London: Routledge</p> <p>WEBSITES WITH USEFUL INFORMATION / SITIOS WEB CON INFORMACIÓN DE UTILIDADE / SITIOS WEB CON INFORMACIÓN DE UTILIDAD</p> <p>ACNUR: https://www.acnur.org/es-es/informes-y-publicaciones</p> <p>CIA's World Factbook: https://www.cia.gov/the-world-factbook/</p> <p>Critical Threats: https://www.criticalthreats.org/Data</p> <p>Banco Mundial: https://datos.bancomundial.org/</p> <p>EUROSTAT: http://ec.europa.eu/eurostat/</p> <p>FAO - Food and agriculture organization of the UN: https://www.fao.org/statistics/en/FMI</p> <p>International Monetary Fund: https://www.imf.org/en/</p> <p>Nasdaq Data Link (Financial, economic and alternative datasets): https://www.quandl.com/Nation</p> <p>Nation Master (Compare nations on a comprehensive range of statistics): https://www.nationmaster.com/</p> <p>NATO The North Atlantic Treaty Organization: http://www.nato.int/cps/en/natohq/topics_49198.htm</p> <p>OECD The Observatory of Economic Complexity: https://oec.world/</p> <p>OECD Organisation for Economic Co-operation and Development (Stats): https://stats.oecd.org/Index.aspx?DataSetCode=REV</p> <p>Statista (search engine for data and statistics): https://www.statista.com/</p> <p>UCDP - Uppsala Conflict Data Program: http://ucdp.uu.se/</p> <p>UN United Nations: https://www.un.org/en/</p> <p>UNICEF: https://data.unicef.org/dv_index/</p> <p>World Resources Institute (environmental analysis): https://www.wri.org/data</p> <p>WTO World Trade Organization: https://www.wto.org/english/res_e/statis_e/statis_e.htm</p> <p>OTHER WEBSITES WITH ADDITIONAL INFORMATION / OTROS SITIOS WEB CON INFORMACIÓN ADICIONAL / OTROS SITIOS WEB CON INFORMACIÓN ADICIONAL:</p> <p>Gapminder (Independent educational website non-profit fighting global misconceptions): http://www.gapminder.org/</p> <p>Knoema (Global decision-making data in the world): https://knoema.com/atlas</p> <p>Our World in Data OWID (focuses on large global problems): https://ourworldindata.org/</p> <p>Worldometer (Live world statistics): http://www.worldometers.info/</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Xeodemografía/710G05005

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías